



Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2025 DOS OBRADOIROS MULTIDISCIPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, IINOVACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA (Resolución do 13 de xaneiro de 2024, DOG nº 7, do 13 de xaneiro de 2024)

1. Antecedentes:

Por Resolución do 13 de xaneiro de 2024 (DOG nº 7, do 13 de xaneiro de 2024), publicáronse as bases reguladoras dos obradoiros multidisciplinares de dixitalización, innovación, sustentabilidade e loxística avanzada para o ano 2025 e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Para a avaliación das 52 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de selección e avaliación de proxectos establecidos no artigo 4.4. das bases reguladoras da axuda:

1º Dimensión do proxecto. En función do número de empresas participantes (mínimo 6 empresas): 5 puntos por cada empresa por enriba do mínimo definido ata un máximo de 20 puntos.

2º Calidade técnica do proxecto: ata 50 puntos, que se avaliarán en función dos seguintes parámetros:

- i. Madurez e definición da proposta. Ata 16 puntos.
- ii. Descrición das actividades e participación empresarial. Ata 16 puntos
- iii. Definición de indicadores e resultados esperados. Ata 18 puntos

3º Impacto da temática do obradoiro nos retos da RIS3 para Galicia. Ata 10 puntos, que se outorgarán comparativamente aos proxectos en función do seu grao de encaixe cun ou varios dos desafíos definidos na RIS3 Galicia.

4º. Experiencia do organismo intermedio na xestión de proxectos colaborativos finalizados a partir do 1 de xaneiro de 2022. Ata un máximo de 20 puntos.

En caso de empate nas puntuacións, decidirase a favor do proxecto que obtivese máis puntos na valoración do criterio 2º. Se aínda así seguise existindo empate, decidirase pola maior puntuación nos criterios 1º, 3º, 4º e 5º, por esa orde. En caso de persistir o empate, determinarase a precedencia polo número de expediente máis baixo. Os proxectos deberán acadar 50 puntos na baremación para seren aprobados.

Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos dos 52 proxectos presentados dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación dos anteriores criterios de avaliación, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de OBRADOIROS MULTIDISCIPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, INNOVACIÓN SOSTIBILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA.

2. Resolvo:

Primeiro. Aprobar a concesión das subvencións ás 35 persoas beneficiarias que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada unha delas e que supoñen un total de 635.770,68 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.





Segundo. Denegar as 16 solicitudes presentadas polas persoas interesadas que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

Terceiro. Arquivar sen máis trámite a 1 solicitude de proba.

Cuarto. Aprobar as condicións particulares para cada persoa beneficiaria derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos.

Quinto. Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> (apartado "Resolucións definitivas" <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 12.3 das bases reguladoras.

Habílitate un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á Oficina virtual do Igape no citado enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descarguen a súa resolución individual.

3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
A directora xeral do Igape	Covadonga Toca Carús	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina





ANEXO I

Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2024 DOS OBRADOIROS MULTIDISPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA (Resolución do 5 de decembro de 2023, DOG nº 232, do 7 de decembro de 2023)

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG300H-2025-000-000092	ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA	LOXÍSTICA SOSTIBLE E EFICIENCIA OPERACIONAL	92	31/05/2026	31/05/2026	22.282,60 €	100,00	22.282,60 €
IG300H-2025-000-000006	ASOCIACIÓN CLÚSTER DA BIOMASA DE GALLCIA	POTENCIAL DA BIOMASA NO IMPULSO DA INDUSTRIA VERDE E CIRCULAR	91	31/05/2026	31/05/2026	23.854,88 €	100,00	23.854,88 €
IG300H-2025-000-000007	ASOCIACIÓN CLÚSTER DA BIOMASA DE GALLCIA	TRANSFORMACIÓN DIXITAL NO SECTOR DA BIOMASA: FERRAMENTAS DIXITAIS COLABORATIVAS PARA A XESTIÓN INTERNA PRODUTIVA E EFICIENTE	91	31/05/2026	31/05/2026	19.153,70 €	100,00	19.153,70 €
IG300H-2025-000-000067	VIRATEC, CLUSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR	HIBRIDACIÓN INTERSECTORIAL: FOCO AMBIENTAL	88	31/05/2026	31/05/2026	16.133,33 €	100,00	16.133,33 €
IG300H-2025-000-000059	CONFEDERACIÓN INDUSTRIAS TEXTILES DE GALICIA	"INNOVACIÓN EN DISEÑO TEXTIL CON INTELIGENCIA ARTIFICIAL: TENDENCIAS, PERSONALIZACIÓN Y CREATIVIDAD"	87	31/05/2026	31/05/2026	17.083,40 €	100,00	17.083,40 €





Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG300H-2025-000-000087	ASOCIACIÓN BIOGA-CLUSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DE CIENCIAS DA VIDA	HIBRIDACIÓN INTERSECTORIAL: LA BIOTECNOLOGÍA COMO HERRAMIENTA DE RESILIENCIA	87	31/05/2026	31/05/2026	20.139,86 €	100,00	20.139,86 €
IG300H-2025-000-000057	CONFEDERACIÓN INDUSTRIAS TEXTILES DE GALICIA	MEJORANDO LA TRAZABILIDAD Y GESTIÓN DEL INVENTARIO TEXTIL A TRAVÉS DE RFID	86	31/05/2026	31/05/2026	17.083,40 €	100,00	17.083,40 €
IG300H-2025-000-000066	ASOCIACION CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA	OBRADOIRO GALICIA INNOVA ALIMENTACION EN HIBRIDACIÓN SECTORIAL	86	31/05/2026	31/05/2026	15.239,84 €	100,00	15.239,84 €
IG300H-2025-000-000014	CLÚSTER GALLEGO DE LA INDUSTRIA Y SERVICIOS ENERGÍAS RENOVABLES	ENERDIG 2025: TRANSFORMACIÓN DIGITAL PARA IMPULSAR LA DESCARBONIZACIÓN DE GALICIA	81	31/05/2026	31/05/2026	20.661,16 €	100,00	20.661,16 €
IG300H-2025-000-000015	CLÚSTER GALLEGO DE LA INDUSTRIA Y SERVICIOS ENERGÍAS RENOVABLES	ENERSOS 2025: SOSTENIBILIDAD Y TRANSICIÓN ENERGÉTICA PARA IMPULSAR LA DESCARBONIZACIÓN DE GALICIA	81	31/05/2026	31/05/2026	20.661,16 €	100,00	20.661,16 €
IG300H-2025-000-000051	CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA (CEP)	TALLERES MULTIDISPLINARES DIXITALIZACION CEP-AGEINCO: DE LA IDEA A LA ACCION	81	31/05/2026	31/05/2026	23.492,94 €	100,00	23.492,94 €
IG300H-2025-000-000058	VIRATEC, CLUSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR	GALICIA INNOVA EN INFRAESTRUCTURA VERDE	79	31/05/2026	31/05/2026	19.735,00 €	100,00	19.735,00 €
IG300H-2025-000-000080	VIRATEC, CLUSTER GALEGO DE SOLUCIÓNS AMBIENTAIS E ECONOMÍA CIRCULAR	TALLERES VALORIZACIÓN DE LA LANA EN GALICIA	76	31/05/2026	31/05/2026	17.167,94 €	100,00	17.167,94 €





Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG300H-2025-000-000012	CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA (CEP)	TALLERES MULTIDISPLINARES DIXITALIZACION CEP-APROEMA: SOSTENIBILIDAD EN LA GESTIÓN DE RESIDUOS	75	31/05/2026	31/05/2026	25.000,00 €	100,00	25.000,00 €
IG300H-2025-000-000062	CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DE LUGO	NUEVAS TECNOLOGÍAS EN IA PARA EL SECTOR VITIVINÍCOLA Y AGROALIMENTARIO EN LUGO	74	31/05/2026	31/05/2026	24.427,45 €	100,00	24.427,45 €
IG300H-2025-000-000075	ASOCIACION CLUSTER DEL NAVAL GALLEGO	CIBERSEGURIDAD EN EL SECTOR NAVAL GALLEGO	74	31/05/2026	31/05/2026	13.998,39 €	100,00	13.998,39 €
IG300H-2025-000-000081	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS SETE PONTES	TRANSFORMACIÓN DIGITAL SOSTENIBLE: SECTOR AGROALIMENTARIO Y FORESTAL	73	31/05/2026	31/05/2026	17.953,61 €	100,00	17.953,61 €
IG300H-2025-000-000083	ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA, DIHGIGAL	SOLUCIÓNS DE DIXITALIZACIÓN APLICADA NA INDUSTRIA GALEGA (DIHGILAB)	70	31/05/2026	31/05/2026	16.585,78 €	100,00	16.585,78 €
IG300H-2025-000-000056	CLUSTER TIC GALICIA	OBRADOIROS PARA DESENVOLVEMENTO DE SOLUCIÓNS IA MULTISECTORIAIS	68	31/05/2026	31/05/2026	19.107,07 €	100,00	19.107,07 €
IG300H-2025-000-000069	FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA)	ESTRATEGIA Y CLAVES FINANCIERAS PARA ASEGURAR LA SOSTENIBILIDAD EMPRESARIAL	68	31/05/2026	31/05/2026	25.000,00 €	100,00	25.000,00 €
IG300H-2025-000-000061	FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA)	OPTIMIZACIÓN DE LAS OPERACIONES Y LIDERAZGO EN UN ENTORNO CAMBIANTE	68	31/05/2026	31/05/2026	25.000,00 €	100,00	25.000,00 €





Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG300H-2025-000-000076	ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA, DIHGIGAL	SOLUCIÓN DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NA INDUSTRIA GALEGA (ENERGINDUSTRY)	68	31/05/2026	31/05/2026	16.600,74 €	100,00	16.600,74 €
IG300H-2025-000-000068	CLUSTER DO ECOMMERCE GALEGO	OBRADOIRO MARTECH: TECNOLOXÍAS APLICADAS Ó MARKETING E IDEACIÓN DE PROXECTOS COLABORATIVOS	67	31/05/2026	31/05/2026	14.980,00 €	100,00	14.980,00 €
IG300H-2025-000-000077	ASOCIACION DE EMPRESARIOS DA 1ª TRANSFORMACION DA MADEIRA DE LUGO	DIXITALIZACIÓN-NOVAS OBRIGAS EN MATERIA EUDR	67	31/05/2026	31/05/2026	9.955,32 €	100,00	9.955,32 €
IG300H-2025-000-000054	ASOC. EMPRESARIOS DE REDONDELA	TALLERES DE TECNOLOGÍAS Y HERRAMIENTAS DIGITALES RELACIONADAS CON LA EFICIENCIA, LA SOSTENIBILIDAD PARA IMPULSAR LA COMPETITIVIDAD DE LAS EMPRESAS DE LA CADENA DEL MAR Y EL DESARROLLO DE PROYECTOS DISRUPTIVOS EN LA INDUSTRIA TRANSFORMADORA DE PRODUCTOS DEL MAR.	65	31/05/2026	31/05/2026	18.991,45 €	100,00	18.991,45 €
IG300H-2025-000-000052	ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA (ASIME)	OBRADOIRO - EÓLICA OFFSHORE Y ENERGÍAS MARINAS	64	31/05/2026	31/05/2026	8.747,16 €	100,00	8.747,16 €
IG300H-2025-000-000055	CLUSTER TIC GALICIA	OBRADOIROS PARA FOMENTO DA COLABORACIÓN COS CENTROS TECNOLÓXICOS	63	31/05/2026	31/05/2026	18.818,69 €	100,00	18.818,69 €





Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG300H-2025-000-000053	CEGASAL	CEESOSTIBLE 2025: MODELOS DE NEGOCIO SOSTENIBLES EN LA INCLUSIÓN LABORAL 2	62	31/05/2026	31/05/2026	5.178,41 €	100,00	5.178,41 €
IG300H-2025-000-000074	ASOCIACION GALLEGA DEL HIDROGENO	OBRADOIROS PARA O IMPULSO DE PROXECTOS DE HIDROXENO	60	31/05/2026	31/05/2026	19.400,00 €	100,00	19.400,00 €
IG300H-2025-000-000078	ASOCIACION CLUSTER DEL NAVAL GALLEGO	INNOVACIÓN EMPRESARIAL EN EL SECTOR NAVAL GALLEGO	58	31/05/2026	31/05/2026	13.998,39 €	100,00	13.998,39 €
IG300H-2025-000-000016	ASOCIACIÓN CÍRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA-CFV	TALLERES 2025-2026: OPORTUNIDADES MULTIDISCIPLINARES NO TECIDO EMPRESARIAL DE GALICIA"	56	31/05/2026	31/05/2026	16.640,69 €	100,00	16.640,69 €
IG300H-2025-000-000086	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DEL DEZA	TALLERES DE TECNOLOXÍAS E FERRAMENTAS DIXITAIS RELACIONADAS CON EFICIENCIA E SUSTENTABILIDADE, PARA IMPULSAR A COMPETITIVIDADE DE EMPRESAS AGROALIMENTARIAS RELACIONADAS CON AEDEZA	51	31/05/2026	31/05/2026	14.950,00 €	100,00	14.950,00 €
IG300H-2025-000-000071	ASOCIACIÓN DE JOVENES EMPRESARIOS VIGO	CONGRESO HORIZONTE 2027	51	31/05/2026	31/05/2026	19.328,10 €	100,00	19.328,10 €
IG300H-2025-000-000093	FEDERACION COMARCAL DE EMPRESARIOS DE AROUSA (FECA)	"TALLERES 2025-2026: OPORTUNIDADES MULTIDISCIPLINARES NO TECIDO EMPRESARIAL DA	50	31/05/2026	31/05/2026	14.990,00 €	100,00	14.990,00 €





Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
		COMARCA DE AROUSA"						
IG300H-2025-000-000082	ORGANIZACION DE PRODUCTORES DE PESCA DEL PUERTO Y RIA DE MARIN	FISHING LAB	50	31/05/2026	31/05/2026	23.430,22 €	100,00	23.430,22 €
TOTAL:								608.175,32





ANEXO II

Axudas denegadas

CONVOCATORIA 2024 DOS OBRADOIROS MULTIDISPLINARES DE DIXITALIZACIÓN, SUSTENTABILIDADE E LOXÍSTICA AVANZADA (Resolución do 5 de decembro de 2023, DOG nº 232, do 7 de decembro de 2023)

Expediente núm.	Titular	Motivo de denegación
IG300H-2025-000-000085	ORPAGU	O PROXECTO NON ACADA A PUNTUACIÓN MÍNIMA DE 50 PUNTOS
IG300H-2025-000-000013	ACLUXEGA - ASOCIACIÓN CLUSTER XEOTERMIA GALEGA	O PROXECTO NON ACADA A PUNTUACIÓN MÍNIMA DE 50 PUNTOS
IG300H-2025-000-000060	ASOCIACIÓN INNOVACIÓN DIGITAL EN LOS PROCESOS DE FABRICACIÓN - INFABHUB	O PROXECTO NON ACADA A PUNTUACIÓN MÍNIMA DE 50 PUNTOS
IG300H-2025-000-000011	ASOCIACION DE EMPRESARIOS APASAXE	O PROXECTO NON ACADA A PUNTUACIÓN MÍNIMA DE 50 PUNTOS
IG300H-2025-000-000084	CONXEMAR	O PROXECTO NON ACADA A PUNTUACIÓN MÍNIMA DE 50 PUNTOS
IG300H-2025-000-000065	ASOCIACION DE EMPRESAS DE TECNOLOGIA DE GALICIA	<p>Incumprimento do art. 3.1 c) 2º das bases reguladoras da axudas. Para poder subvencionar o 100% do orzamento total como gastos de persoal do Organismo Intermedio debe acreditar unha experiencia mínima de 2 proxectos de dinamización de grupos efectivamente realizados dende o 01 de xaneiro de 2022 entendéndose como proxectos de dinamización de grupos aqueles que contén cun grupo participante identificado e que estén debidamente documentados tendo que incluír:</p> <ul style="list-style-type: none">• A temática, os obxectivos, participantes implicados e metodoloxía empregada.• Evidencias de execución• Resultados medibles con información sobre os obxectivos acadados e os resultados obtidos como proxectos iniciados ou acordos de colaboración. <p>Neste caso como resultados dos obradoiros non se indican nin proxectos iniciados nin acordos de colaboración.</p>





Expediente núm.	Titular	Motivo de denegación
IG300H-2025-000-000008	CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE GALICIA	<p>O obradoiro consistirá na implementación dunha proba piloto para cuantificar o impacto do Plan 2M proxecto correspondente ao obradoiro IG239.2024.1.7 en contorna real e testar a súa eficacia.</p> <p>A fase de implementación dunha proba piloto en contornas reais non está contemplada como un gasto subvencionable nas bases reguladoras das axudas, xa que os Obradoiros están orientados á exploración e deseño de solucións, pero non á súa implementación real.</p>
IG300H-2025-000-000009	CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE GALICIA	<p>O obradoiro consistirá na implementación dunha proba piloto da <i>Receta deportiva galega</i> proxecto relacionado co obradoiro IG239.2024.1.5 <i>Ecosistemas saudables</i> en contorna real e testar a súa eficacia.</p> <p>A fase de implementación dunha proba piloto en contornas reais non está contemplada como un gasto subvencionable nas bases reguladoras das axudas, xa que os Obradoiros están orientados á exploración e deseño de solucións, pero non á súa implementación real.</p>
IG300H-2025-000-000010	CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE GALICIA	<p>Incumprimento do establecido no artigo 3.1 c) 2º das bases reguladoras das axudas ao non quedar acreditada unha experiencia mínima de 2 proxectos de dinamización dende xaneiro de 2022 dado que dous dos proxectos indicados Ig239.2024.1.6 e Ig239.2024.1.7 na experiencia do organismo intermedio non estaban finalizados, efectivamente realizados e debidamente documentados na data de presentación da solicitude de axuda 05/03/2025.</p>
IG300H-2025-000-000070	UNIONS AGRARIAS	<p>Incumprimento do artigo 3.1 c) 2º das bases reguladoras das axudas ao non quedar acreditada unha experiencia mínima de 2 proxectos de dinamización de grupos, entendidos éstos como un conxunto estruturado de actividades que teñan como finalidade fomentar a interacción, colaboración e traballo conxunto entre membros dun grupo, con obxectivos concretos e resultados medibles desenvolvidos a través dunha metodoloxía estruturada e planificada. Os proxectos indicados como experiencia son de formación/difusión e carecen de traballo colaborativo interempresarial documentado.</p>
IG300H-2025-000-000072	UNIONS AGRARIAS	<p>Incumprimento do artigo 3.1 c) 2º das bases reguladoras das axudas ao non quedar acreditada unha experiencia mínima de 2 proxectos de dinamización de grupos, entendidos éstos como un conxunto estruturado de actividades que teñan como finalidade fomentar a interacción, colaboración e traballo conxunto entre membros dun grupo, con obxectivos concretos e resultados medibles desenvolvidos a través dunha metodoloxía estruturada e planificada. Os proxectos indicados como experiencia son de formación/difusión e carecen de traballo colaborativo interempresarial documentado.</p>





Expediente núm.	Titular	Motivo de denegación
IG300H-2025-000-000073	UNIONS AGRARIAS	Incumprimento do artigo 3.1 c) 2º das bases reguladoras das axudas ao non quedar acreditada unha experiencia mínima de 2 proxectos de dinamización de grupos, entendidos éstos como un conxunto estruturado de actividades que teñan como finalidade fomentar a interacción, colaboración e traballo conxunto entre membros dun grupo, con obxectivos concretos e resultados medibles desenvolvidos a través dunha metodoloxía estruturada e planificada. Os proxectos indicados como experiencia son de formación/difusión e carecen de traballo colaborativo interempresarial documentado.
IG300H-2025-000-000088	ASOCIACION ZONA COMERCIAL URBANA CENTRO PRINCIPE	Incumprimento do establecido nas bases reguladoras das axudas, páxina 1887 DOG. Núm. 7 do 13 de xaneiro de 2025, onde se indica que os obradoiros incentivan a creación de espazos de colaboración entre empresas, sendo o número mínimo destas 6, circunstancia que non se cumpre neste caso (indican que participarán 3 empresas).
IG300H-2025-000-000094	ASOCIACIÓN CÍRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA-CFV	DESISTE DA SOLICITUDE
IG300H-2025-000-000091	ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA, DIHGIGAL	DESISTE DA SOLICITUDE
IG300H-2025-000-000063	FUNDACIÓN CLUSTER EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA)	DESISTE DA SOLICITUDE

